#### **SOLICITUDE PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2019**

**(Expediente: 2018/G006/000122)**

*Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperración ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) “POS+ 2019”, con RE no Concello nº 4596 de 5 de outubro de 2018 e as bases do devandito Plan publicadas no BOP nº 188 de 2 de outubro de 2018.*

*Visto que na devandita Circular comunícase a asignación do POS+ 2019 ao Concello de Ponte deume por importe de 519.530,78 euros.*

*Vistos os informes do arquitecto técnico municipal que obran no expediente.*

*Visto os informes da Secretaria Municipal que obran no expediente.*

*Visto os informes da Interventora Municipal que obran no expediente.*

*É por isto que esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA de ACORDO:***



1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2019"** da Deputación provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

**A ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2019</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Reforma da Escola Unitaria de Campolongo	208.544,95 €	9.795,06 €	218.340,01 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>208.544,95 €</b>	<b>9.795,06 €</b>	<b>218.340,01 €</b>

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Mellora do trazado do camiño en Centroña ata o seu encontro coa Estrada Provincial DP-4803	73.005,39 €	1.253,17 €	74.258,56 €
Mellora da capa de rodadura en Estrada Vella	74.829,57 €	1.284,48 €	76.114,05 €
Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira"	19.923,77 €	342,00 €	20.265,77 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	<b>167.758,73 €</b>	<b>2.879,65 €</b>	<b>170.638,38 €</b>

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Conservación do Castelo de Andrade	34.364,00 €	0,00 €	34.364,00 €
Camiño na Herbosa (Boebre) e Camiño na Graña	51.729,82 €	0,00 €	51.729,82 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2019</b>	<b>86.093,82 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>86.093,82 €</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

**B ) Resumo:**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2019</b>	208.544,95 €	9.795,06 €	<b>218.340,01 €</b>
	<b>Achega 2018</b>	167.758,73 €	2.879,65 €	<b>170.638,38 €</b>
	<b>Préstamo 2019</b>	86.093,82 €	0,00 €	<b>86.093,82 €</b>
<b>TOTAL</b>				
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2019</b>	208.544,95 €	9.795,06 €	<b>218.340,01 €</b>
	<b>Achega 2018</b>	167.758,73 €	2.879,65 €	<b>170.638,38 €</b>
	<b>Préstamo 2019</b>	86.093,82 €	0,00 €	<b>86.093,82 €</b>
	<b>TOTAL</b>	462.397,75 €	12.674,71 €	<b>475.072,21 €</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2019 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Camión Chapizo – Casa dos Exercicios	39.797,81 €
Pavimentación Rá Gonzalo Torrente Ballester	113.966,31 €
<b>TOTAIS</b>	<b>153.764,12 €</b>

3.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas disponibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Documento asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións (Delegación conferida por Decreto 752/2018 de 17 de decembro), en Pontedeume a 17 de decembro de 2018.”

De seguido, o Sr. Presidente abre a quenda para o debate, explicando o Plan co que, segundo indica, se vai facer fronte a necesidades de obras propostas pola veciñanza e dende os distintos grupos políticos, así como atender a asuntos derivados da xestión diaria do goberno local dos que é necesario priorizar uns sobre outros, tendo en conta que o crédito é limitado. De seguido, da conta das distintas actuacións que se recollen na proposta de acordo que veñen a complementar outras actuacións xa programadas e xustifica a súa necesidade.

Toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez que di que o goberno actúa con presa e anuncia o que o sentido do voto do seu grupo vai ser a abstención, non porque non consideren necesarias as actuacións se non, tendo en conta que as obras non contan neste momento coas distintas autorizacións necesarias para a súa execución, polo que considera que se trata dun “plan sobre o papel”. De seguido, manifesta que botan de menos dentro das actuacións propostas, a cubrición do patio do colexio de andrade, que se pediu por rexistro dende o consello escolar do propio centro e fai referencia ao préstamo provincial. Conclúe indicando que o voto será a abstención.

De seguido, Dna. Ana Veira García, logo de solventar unha dúbida ao respecto do préstamo e tendo en conta que o Concello ten superhávit co que agarda se poda facer fronte a outras obras, a partir do mes de marzo, a cargo do Concello; anuncia o voto favorable do seu Grupo e maniféstase a favor do Plan Único que, considera, facilita a labor dos Concellos e fai referencia á novo xeito de funcionar da Deputación, do que se congratula.

Toma a palabra o Sr. Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que comparte ao 100% a intervención do BNG e fai unha aclaración ao respecto do contido do préstamo provincial. Dito isto, di que o goberno non actúa con presa e fai unha comparativa co resto de concellos que seundo indica, se atopan na mesma coxuntura. Di que non se trata dun plan sobre papel e que as autorizacións se van tramitando tan pronto chegan os proxectos e que tarde ou cedo, vanse facer as obras. Sobre a cubrición do patio do colexio de Andrade á que se referiu o portavoz do PP, cualifica a proposta como estratexia política, en tanto que saben que ao concello só lles corresponde o mantemento e conservación das infraestruturas dos centros escolares e non a execución de obras novas, correspondendo este tipo de actuacións á propia consellería de educación. Conclúe indicando que o goberno local apoia a cubrición sen ben é a Xunta de Galicia quen ten a competencia.

De seguido, D. Andrés Pérez Pérez plantexa o apoio do Concello a unha actuación sobre o peche.

Tanto o Sr. Presidente, como Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes remítense ao convenio con Educación, que especifica que ao Concello lle corresponden as tarefas de mantemento e conservación.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 8 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras dos Grupos Municipais do PSOE(6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado; e do BNG (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **3 abstencións** dos/as membros do Grupo Municipal do PP: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, o **ACORDO** seguinte:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2019"** da Deputación provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

### A ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Reforma da Escola Unitaria de Campolongo	208.544,95 €	9.795,06 €	218.340,01 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>208.544,95 €</b>	<b>9.795,06 €</b>	<b>218.340,01 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Mellora do trazado do camiño en Centroña ata o seu encontro coa Estrada Provincial DP-4803	73.005,39 €	1.253,17 €	74.258,56 €
Mellora da capa de rodadura en Estrada Vella	74.829,57 €	1.284,48 €	76.114,05 €
Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira"	19.923,77 €	342,00 €	20.265,77 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	<b>167.758,73 €</b>	<b>2.879,65 €</b>	<b>170.638,38 €</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Conservación do Castelo de Andrade	34.364,00 €	0,00 €	34.364,00 €
Camiño na Herbosa (Boebre) e Camiño na Graña	51.729,82 €	0,00 €	51.729,82 €



<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2019</b>	86.093,82 €	0,00 €	<b>86.093,82 €</b>
--	-------------	--------	--------------------

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

**B ) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2019</b>	208.544,95 €	9.795,06 €	<b>218.340,01 €</b>
	<b>Achega 2018</b>	167.758,73 €	2.879,65 €	<b>170.638,38 €</b>
	<b>Préstamo 2019</b>	86.093,82 €	0,00 €	<b>86.093,82 €</b>
<b>TOTAL</b>				
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2019</b>	208.544,95 €	9.795,06 €	<b>218.340,01 €</b>
	<b>Achega 2018</b>	167.758,73 €	2.879,65 €	<b>170.638,38 €</b>
	<b>Préstamo 2019</b>	86.093,82 €	0,00 €	<b>86.093,82 €</b>
	<b>TOTAL</b>	462.397,75 €	12.674,71 €	<b>475.072,21 €</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2019 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Camiño Chapizo – Casa dos Exercicios	39.797,81 €
Pavimentación Rá Gonzalo Torrente Ballester	113.966,31 €
<b>TOTAIS</b>	<b>153.764,12 €</b>

3.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas dispoñibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**4.- PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.**

A Secretaria Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

### **“PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.**

(Expediente TEdC: 2018/G006/000179)

O 30.08.2016 asinábase o “Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020”, logo da adopción polo Pleno celebrado en sesión ordinaria de 28.07.2016 do correspondente acordo.

En datas 27.07.2017 e 26.04.2018 o Pleno do Concello adoptaba os acordos relativos “Reaxuste das anualidades da obra “Melloras no Saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Ponte deume (A Coruña)”.

Logo de ter recibido o pasado día 3.12.2018, documento con rexistro de entrada nº 5516, o texto da “Primeira addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020”, para os efectos da súa aprobación polo órgano competente do Concello.

Visto o contido do informe de fiscalización de data 17.12.2018.

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar “Primeira addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A



Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020", cuxo texto se transcribe:

**"PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020**

Lugar, data

**REUNIDOS**

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, do 26 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Pontedeume, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

**EXPOÑEN**

O 30.08.2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontedeume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello de Pontedeume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

A cláusula undécima do citado convenio, relativa a súa modificación, dispón que Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula quinta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

O 31.12.2016, o 12.07.2017 e o 31.12.2017 o director de Augas de Galicia, de conformidade co estipulado na devandita cláusula, acordou reaxustar as anualidades do convenio, quedando logo do último reaxuste como seguen:

Ano	Importe (Euros)
2017	0,00
2018	1.250.000,00
2019	3.050.000,00

Unha vez formalizado o contrato, coa concreción de importes e anualidades derivadas da súa adxudicación, é preciso proceder á tramitación dunha addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, realizar un reaxuste das anualidades, a fin de adecuar as estipulacións económicas inicialmente previstas ao ritmo de execución da obra contratada.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando as cláusulas quinta e décima, nos seguintes termos

### QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 4.300.000,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos.

Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2018	0,00
2019	2.663.869,06
2020	1.636.130,94

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adjudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada no parágrafo anterior.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 6 "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos", Prioridade de Investimento 6.2 "o investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos", Obxectivo Específico 6.2.1 "culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga". Unha maneira de facer Europa. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado fondo europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

### DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO



O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2020. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas nesta addenda, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). E obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en adiante LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, as partes asinan este documento por triplicado exemplar, en proba de conformidade coas súas cláusulas, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia

O alcalde de Pontedeume

Ethel María Vázquez Mourelle

Bernardo Fernández Piñeiro

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Pontedeume para a sinatura desta e a realización de demais actuacións precisas para a súa execución, en nome e representación do concello de Pontedeume.

**TERCEIRO.-** Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións (Delegación conferida por Decreto 752/2018 de 17 de decembro), en Pontedeume a 17 de decembro de 2018."

De seguido, o Sr. Presidente abre a quenda para o debate explicando a proposta.

Don Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular anuncia o voto favorable do seu grupo.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG, quen di que considera que unha cuarta modificación das anualidades é derivado do que cualifica inoperancia e ineficacia da Xunta. Dito isto, anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta e conclúe a súa intervención facendo referencia aos informes emitidos pola Unión Europea ao respecto da situación das rías galegas e, co desexo de que a obra comece no menor tempo posible.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar "Primeira addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontedeume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello de Pontedeume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020", cuxo texto se transcribe:

**"PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Lugar, data

#### REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, do 26 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Ponte deume, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

#### EXPOÑEN

O 30.08.2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

A cláusula undécima do citado convenio, relativa a súa modificación, dispón que *Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula quinta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.*

*Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarse a través dunha addenda ao mesmo.*

O 31.12.2016, o 12.07.2017 e o 31.12.2017 o director de Augas de Galicia, de conformidade co estipulado na devandita cláusula, acordou reaxustar as anualidades do convenio, quedando logo do último reaxuste como seguen:

Ano	Importe (Euros)
2017	0,00
2018	1.250.000,00
2019	3.050.000,00

Unha vez formalizado o contrato, coa concreción de importes e anualidades derivadas da súa adxudicación, é preciso proceder á tramitación dunha addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, realizar un reaxuste das anualidades, a fin de adecuar as estipulacións económicas inicialmente previstas ao ritmo de execución da obra contratada.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

#### ACORDAN



Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando as cláusulas quinta e décima, nos seguintes termos

#### **QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO**

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 4.300.000,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos.

Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2018	0,00
2019	2.663.869,06
2020	1.636.130,94

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada no parágrafo anterior.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 6 "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos", Prioridade de Investimento 6.2 "o investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos", Obxectivo Específico 6.2.1 "culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga". Unha maneira de facer Europa. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado fondo europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

#### **DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2020. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas nesta addenda, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). E obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en adiante LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, as partes asinan este documento por triplicado exemplar, en proba de conformidade coas súas cláusulas, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia

O alcalde de Ponte deume

Ethel María Vázquez Mourelle

Bernardo Fernández Piñeiro"

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ponte deume para a sinatura desta e a realización de demais actuacións precisas para a súa execución, en nome e representación do concello de Ponte deume.

**TERCEIRO.-** Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportunos.

### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinte horas e vinte minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria accidental, que dá fe.

